

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS NO MERCADO DE ARTES ESCÉNICAS GALICIA ESCENA PRO 2025**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o día de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2025.**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre ambas as entidades para realización de actividades relacionadas coa programación de espectáculos na décimo segunda edición do mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO 2025, que se celebra en Santiago de Compostela do do 2 ao 5 de xuño, a través da selección de espectáculos, da produción e posta en escena dos espectáculos programados nos diferentes espazos de exhibición, do establecemento de canles de comunicación entre as compañías e os axentes culturais de cara a estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega, e da programación de xornadas de encontro sectorial con fin de visibilizar e debater sobre realidades de proxectos relacionados coas artes escénicas.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic promove o mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO (GEP), que celebra en 2024 a súa décimo segunda edición, co obxectivo de ser, ademais de canle exhibición de producións escénicas de recente creación, punto de encontro profesional que busca estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega.

En 2019 a Agadic abriu unha nova etapa no desenvolvemento deste proxecto marcada pola implicación de entidades con obxectivos afíns de cara a reforzar as finalidades coas que naceu este evento. Neste sentido, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas-Escena Galega é a entidade que aglutina o maior peso específico dentro do sector, representando na actualidade a 59 compañías e empresas produtoras nos ámbitos do teatro, os monicreques, o novo circo e a danza e artes do movemento, que a postulan como o referente do sector profesional das artes escénicas galegas, e que a converte na entidade máis idónea para a organización compartida deste programa.

A Asociación, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación das artes escénicas, e que se concretan nas actividades que leva a cabo para a promoción e visibilización do tecido profesional da escena galega coa asistencia á feiras escénicas e encontros sectoriais de carácter estratéxico así como coa formación, mellora profesional e asistencia ás empresas asociadas e desenvolvemento de proxectos estratéxicos.



Galicia Escena PRO constitúese como uán evento indispensable de visibilización da produción escénica galega e para o artellamento das relacións entre compañías e profesionais da programación e é aí onde a Asociación pode desenvolver o labor de instrumento aglutinador das necesidades das compañías de cara a xestionar a súa presenza no evento e intensificando o contacto profesional entre os creadores e creadoras e as persoas mediadoras para levar as propostas artísticas ao público das principais carteleiras galegas. E con este obxectivo común ambas as entidades deciden, por tanto, coorganizar unha serie de actividades relacionadas coa programación de espectáculos no mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO. A colaboración entre ambas as entidades susténtase nesa necesidade de reforzar as dinámicas e relacións profesionais dentro do evento, cunha posición destacada na relación de compradores e vendedores e punto de encontro para o todo o sector.

O carácter representativo da entidade, ao ser a asociación máis aglutinadora e extensa en número de compañías de todas as existentes da súa tipoloxía nas diferentes comunidades autónomas e ao abarcar unha enorme porcentaxe do sector escénico galego, conformando un conxunto de estruturas de produción e creación de moi diversas tipoloxías a nivel profesional; a súa capacidade organizativa e de recursos para a organización do programa, así como a inclusión desta actividade na planificación estratéxica da Agadic xustifican a imposibilidade de concorrencia pública.

A celebración do mercado Galicia Escena PRO non só contribúe ao crecemento e profesionalización da escena galega; tamén xera un valor intanxible, un activo inmaterial valioso ao facilitar o desenvolvemento profesional e artístico, ao propiciar tamén a creación de novas obras que enriquecen o patrimonio cultural galego e potencian a creatividade; ao fomentar o intercambio de coñecementos, experiencias e de contactos, facilitando a xeración de oportunidades de negocio nun evento de corte profesional centrado nas posibilidades de visibilización e negocio para as compañías e a súa distribución.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta  
Director da Agadic

